

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



ACTA DA MESA DE CONTRATACIÓN DO 9 DE ABRIL DE 2019

Na Sala de reunións do Servizo de Contratación da Casa do Concello de Vigo, ás 12:15 horas do día 9 de abril de 2019, réunese a Mesa de Contratación do Concello de Vigo convocada polo presidente o 5 de abril (orde do día ampliada o 9 de abril), para tratar os asuntos da orde do día que figuran na convocatoria.

Asisten á reunión da Mesa de Contratación:

Presidente: D. Carlos López Font

Vocais: D^a. María Isabel Fernández Gabriel, vogal suplente da titular da Asesoría Xurídica
D^a. Olga Gómez Corbal, vogal suplente do interventor xeral
D. José Riesgo Boluda
D. Óscar Couce Senra, vogal suplente de D. Jerónimo Centrón Castaños (asiste aos puntos 7, 8 e 9)
D^a. Pilar Carneiro Miniño (asiste aos puntos 2 e 3)

Secretaria: D^a. Ángela Fernández López

Aberta a sesión polo Sr. presidente procédese a tratar os puntos incluídos na orde do día:

2.- Apertura administrativa/Cualificación da documentación acreditativa do cumprimento dos requisitos previos

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) (emenda da documentación persoal)

A secretaria le o listado de licitadores presentados a este procedemento segundo consta no certificado expedido polo Rexistro Xeral e pregunta aos membros asistentes se teñen algún conflito de intereses con algún dos licitadores. Ningún dos asistentes manifesta ter conflito de intereses cos licitadores.

A continuación lembra aos membros da Mesa que por acordo de data 3 de abril de 2019, na mesma data, se concedeu un prazo de tres días aos seguintes licitadores para que emendasen a documentación persoal:

1. MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (non indicaba lotes nin compromiso de medios)
2. DANIELA ALVITE WAISMAN (non indicaba lotes nin compromiso de medios)
3. XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10) (non indicaba compromiso de medios)
4. UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6) (non indicaban compromiso de medios)

Dos anteriores licitadores, todos presentaron documentación en prazo. Logo da súa cualificación, a Mesa acorda, por unanimidade:

- a) Admitir neste procedemento aos seguintes licitadores por ter emendado



correctamente a documentación esixida no prego de cláusulas administrativas para declarar o cumprimento dos requisitos previos:

1. MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)
2. DANIELA ALVITE WAISMAN (lotes 4 e 5)
3. XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)
4. UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)

3.- Apertura da documentación técnica (proposta de declaración de desertos dos lotes 1, 2 e 3)

a) Procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Pola Secretaría e a Presidencia procédese á descriptación dos documentos que compoñen o sobre B "Proposición avaliable mediante xuízo de valor" dos licitadores presentados e admitidos.

Compróbase que BARAFUNDA, S.L. concorre aos lotes 5, 6 e 7. Lémbrese que esta empresa non indicou no DEUC os lotes aos que se presenta, se ben segundo as declaracións nel recollidas cumpre os requisitos esixidos para calquera dos lotes.

Á vista da documentación técnica a Mesa acorda, por unanimidade dos membros presentes:

- a) Solicitar informe sobre a referida documentación técnica ao servizo xestor.
- b) Propoñer ao órgano de contratación que declare desertos os lotes 1, 2 e 3 do procedemento aberto para a contratación para o que se formula a seguinte proposta:

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares para a contratación do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

ANTECEDENTES



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 2 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



Primeiro.- Con data do 28 de febreiro de 2019 a Xunta de Goberno local acordou aprobar o expediente para a contratación, por procedemento aberto, dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336)

Segundo.- A licitación foi obxecto de publicación no Diario Oficial da Unión Europea e no perfil de contratante o 5 de marzo de 2019, rematando o prazo de presentación de ofertas o 1 de abril de 2019.

Terceiro.- Segundo o certificado emitido polo Rexistro Xeral de data 2 de abril de 2019 e a documentación presentada na plataforma de licitación electrónica nos sobres A e B, presentáronse as seguintes ofertas:

- MR. PICKWICK SCHOOL, S.L. (lotes 8 e 9)
- DANIELA ALVITE WAISMAN (IMAXINA SERVIZOS EDUCATIVOS E CULTURAIS) (lotes 4 e 5)
- XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. (lote 10)
- SERVIPLUSTOTAL, S.L.
(lotes 4, 5 e 7)
- UTE XÉRMOLO, DINAMIZACIÓN SOCIOCULTURAL, S.L. e CERQUIÑO S. COOP. GALEGA (lote 6)
- BARAFUNDA, S.L. (LOTES 5, 6 e 7)
- AVENTEIRA S. COOP. GALEGA XUVENIL (lotes 4, 5 e 9)

En consecuencia, non consta presentada oferta ningunha ao Lote 1 (VERÁN NÁUTICO I), ao Lote 2 (VERÁN NÁUTICO II) e ao Lote 3 (VERÁN MARIÑEIRO).

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A Mesa de Contratación é competente para propoñer deserta a licitación, ao abeiro do previsto no artigo 22.1g do Real Decreto 817/2009, no que se regulan as funcións das Mesas de Contratación.

Dado que non se presentou ningunha proposición ao Lote 1 (VERÁN NÁUTICO I), ao Lote 2 (VERÁN NÁUTICO II) e ao Lote 3 (VERÁN MARIÑEIRO) desta licitación, tal e como se constata na documentación presentada nos sobres A e B presentados a través da plataforma de licitación electrónica, procede declarar desertos estes lotes.

Á vista do exposto, propónse a Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional segunda da LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Declarar desertos os lotes 1 (VERÁN NÁUTICO I), 2 (VERÁN NÁUTICO II) e 3 (VERÁN MARIÑEIRO) do procedemento aberto para a contratación dos servizos de programación e execución dos campamentos de verán 2019 (8.752-336) por non terse presentado oferta ningunha en prazo”.



7.- Estudo e, no seu caso, aceptación dos informes sobre a valoración das xustificacións das ofertas con valores anormais ou desproporcionados

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

A secretaria lembra aos membros da Mesa que o 29 de marzo de 2019, en cumprimento do acordado na sesión do mesmo día, se iniciou o procedemento previsto no artigo 149 da LCSP cos seguintes licitadores:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Durante o prazo concedido, XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. presentou a correspondente xustificación e OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L. presentou un escrito no que comunican que non van a xustificar a súa baixa.

Da documentación anterior deuse traslado ao responsable do contrato.

O 5 de abril de 2019 o enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas emitiu informe sobre a xustificación presentada por XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L. no que conclúe *“Non se pode por tanto chegar á conclusión de que se cumpren os requisitos establecidos no artigo 149 da Lei de contratos do sector público para considerar xustificada á baixa anormal ou desproporcionada e que poida con ela cumprir o contrato”*.

A Mesa, por unanimidade, acepta o anterior informe e acorda propoñer á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación, a exclusión deste procedemento dos licitadores que deseguido se relacionan, por entender que as súas ofertas non poden ser cumpridas como consecuencia da inclusión de valores anormais:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

8.- Entrega e, no seu caso, aceptación dos informes de valoración dos criterios de adjudicación nos procedementos abertos, negociados e restrinxidos

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) (informe sobre C con proposta de clasificación)

Entrégase o informe asinado polo xefe do Servizo Administrativo e Control Orzamentario da Área de Fomento e o xefe da Área de Investimentos o 5 de abril de 2019 de valoración do sobre C *“proposición avaliable mediante fórmula”* coa proposta de clasificación que é aceptado por unanimidade dos membros da Mesa.

9.- Propostas de clasificación/clasificación

a) Procedemento aberto para a contratación das obras de



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 4 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441)

Á vista das actuacións desta Mesa de Contratación e dos informes de valoración das proposicións presentadas, por unanimidade dos asistentes, propónse á Xunta de Goberno local, na súa calidade de órgano de contratación (disposición adicional 2ª da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público - LCSP), a adopción do seguinte acordo:

“Primeiro.- Excluir deste procedemento aos seguintes licitadores, por conter as súas ofertas valores anormais ou desproporcionados, sen que se tivesen xustificadas, ben porque non presentaron xustificación ningunha en prazo ou porque non se cumpren os requisitos para consideralas xustificadas consonte o informe do enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos - xefe do Servizo de Vías e Obras e Infraestruturas o 5 de abril de 2019:

1. OBRAS, REFORMAS Y SANEAMIENTOS, S.L.
2. XESTIÓN AMBIENTAL DE CONTRATAS, S.L.

Segundo.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, as proposicións admitidas neste procedemento aberto para a contratación das obras de recuperación de zona verde situada sobre o falso túnel da AP-9 na parroquia de Candeán (153-441) na seguinte orde decedente:

	Licitadores	Puntuación
1	CIVIS GLOBAL, S.L.U.	96,61
2	NEXIA INFRAESTRUCTURAS, S.L.	93,35
3	ORECO, S.A.	93,12
4	CONSTRUCCIONES OBRAS Y VIALES, S.A.	90,43
5	CONSTRUCCIONES RAMÍREZ, S.L.	90,10
6	NAROM, S.L.	85,12
7	CONSTRUCCIONES TABOADA Y RAMOS, S.L.	85,09
8	SERGONSA SERVICIOS, S.L.	83,05
9	CALFENSA PROYECTOS, S.L.	78,69
10	HORDESCON, S.L.	77,78
11	ELSAMEX, S.A.	76,30
12	UTE CONSTRUCTORA SAN JOSE S.A. - EL EJIDILLO VIVEROS INTEGRALES, S.L.	66,42
13	NATURGALIA, S.L.	43,20

Terceiro.- Requerir ao licitador clasificado en primeiro lugar, CIVIS GLOBAL, S.L.U., para que presente, no prazo de dez días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, a seguinte documentación (artigo 150.2 LCSP):

1. Declaración responsable de non estar incurso en prohibición de contratar.
2. A documentación esixida nas cláusulas 8 e 22 do prego de cláusulas administrativas particulares (PCAP).
3. Resgardo da garantía definitiva esixible de acordo co disposto na cláusula 24 do prego de cláusulas administrativas particulares”.

10.- Propostas de adxudicación



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 5 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

a) Procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, do 26 de febreiro de 2014
- Real decreto 817/2009, de 8 de maio, polo que se desenvolve parcialmente a Lei 30/2007, de 30 de outubro, de contratos do sector público (RLCSP)
- Real decreto 1098/2001, de 12 de outubro, polo que se aproba o regulamento xeral da Lei de contratos das Administracións Públicas (RLCAP), no que non se opoña ao Real decreto legislativo 3/2011
- Prego de cláusulas administrativas particulares que rexe o procedemento aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333)

ANTECEDENTES

Primeiro.- A Mesa de Contratación na sesión que tivo lugar o 3 de abril de 2019, adoptou o seguinte acordo:

“Primeiro.- Clasificar, de acordo cos criterios de adxudicación sinalados no prego, a proposición admitida neste procedemento aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) na seguinte orde descendente:

Orde	Licitador	Puntuación
1	CARLOS FERNÁNDEZ POL	99,25
2	EUROCEBRIÁN, S.L.	73,05
3	FUNDICIONES J.C. REGALOS, S.L.	70,91

Segundo.- *Requirir ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, para que presente, no prazo de sete días hábiles, a contar desde o seguinte a aquel no que reciba o requirimento, unicamente a documentación esixida na cláusula 22.1 do PCAP e no artigo 150.2 da LCSP que se relaciona a continuación, ao estar inscrito no Rexistro de Licitadores e Empresas Clasificadas do Sector Público:*

- *Acreditación da constitución garantía definitiva.*



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 6 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

Servizo de
CONTRATACIÓN

CONCELLERÍA
DE
CONTRATACIÓN

CONCELLO
DE VIGO



➤ *Acreditación da solvencia económica e técnica esixida no apartado 5 das FEC”.*

Segundo.- Este acordo foi notificado ao licitador clasificado en primeiro lugar, D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, o día 4 de abril de 2019, que presenta a documentación requirida o 5 de abril, dentro do prazo concedido.

Terceiro.- A Mesa de Contratación na sesión do 9 de abril de 2019 revisou a documentación presentada, sendo esta correcta, polo que acordou, por unanimidade dos membros presentes, propoñer ao órgano de contratación a adxudicación deste procedemento.

FUNDAMENTOS XURÍDICOS

Primeiro.- A nosa lexislación contractual impón ao órgano de contratación a obriga de adxudicar o contrato dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación. O acordo de adxudicación deberá ser motivado, notificarase aos licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil de contratante no prazo de quince días (artigo 151.1 LCSP).

Recibida tanto a documentación presentada polo licitador clasificado en primeiro lugar D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, como a solicitada de oficio pola Administración municipal e, comprobado que esta é correcta, procede adxudicar este contrato.

Segundo.- A competencia para formular a proposta de adxudicación ao órgano de contratación correspóndelle á Mesa de Contratación. A proposta realizarase a favor do licitador que teña presentado a mellor oferta, de conformidade co disposto no artigo 145, segundo proceda de conformidade co prego de cláusulas administrativas particulares que rexa a licitación.

A oferta coa mellor relación calidade-prezo para a administración contratante é a formulada por D. CARLOS FERNÁNDEZ POL, de acordo cos informes de valoración das proposicións avaliadas mediante xuízo de valor e das proposicións avaliadas mediante fórmula, de datas 13 e 29 de marzo de 2019, respectivamente.

Terceiro.- A competencia para a resolución deste expediente correspóndelle á Xunta de Goberno local (apartado 4 da disposición adicional segunda da LCSP), na súa calidade de órgano de contratación.

En base ao que antecede, propónse á Xunta de Goberno local como órgano de contratación, en uso das facultades que lle confire a lexislación vixente, a adopción do seguinte acordo:

“Adxudicar a D. CARLOS FERNÁNDEZ POL o procedemento aberto simplificado aberto simplificado aberto simplificado para a contratación do subministro de medallas para o desenvolvemento complementario das actuacións propias do Concello de Vigo na



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 7 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		

promoción da práctica deportiva no ámbito do programa municipal “Calendario de eventos deportivos” (17.579-333) por un prezo total de 29.520,00 euros, sendo a cota correspondente ao IVE de 5.123,31 euros e coas seguintes condicións:

a) Propón as seguintes baixas proporcionais para os prezos unitarios das medallas especificadas no PPT:

- Medalla con personalización individual (55 mm diámetro): 57,50%*
- Medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro): 36,00%*
- Medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro): 46,50%*

b) Propón unha redución dos prazos máximos de entrega establecidos no PPT de medalla especial fundición de calidade para probas determinadas (65 diámetro) (prazo ordinario: 45 días, prazo urxente: 30 días):

- Redución do prazo ordinario a 20 días*
- Redución do prazo urxente a 20 días*

Non reduce os prazos de entrega para medalla con personalización individual (55 mm diámetro) e medalla de calidade con personalización individual (65 mm diámetro).

Todo iso de acordo cos pregos de prescricións técnicas e de cláusulas administrativas particulares aprobados por acordo da Xunta de Goberno e a oferta presentada”.

Non tendo máis asuntos que tratar, o presidente declara finalizada a sesión ás 14:00 horas, logo dun recesso dunha hora para solucionar problemas coa sinatura electrónica. De todo o tratado eu secretaria dou fe.

(Documento asinado dixitalmente polos membros da Mesa asistentes a esta sesión)



Copia do documento - Concello de Vigo	Data impresión: 13/05/2024 18:09	Páxina 8 de 8
ACTAS PERFIL CONTRATANTE	CSV: ABAB43-E3B4B7-4728D3-5Y5XBF-74Z7GF-F1	
Pode validar e/ou obter copia electrónica do documento utilizando o código QR da esquerda ou o código de verificación na dirección http://www.vigo.org/csv		